

SEPE

Denuncia ao Secretario de Estado de Traballo

16/11/2025

Denuncia de mala xestión no SEPE e petición de asunción de responsabilidades por parte do persoal directivo.

A CIG informa da presentación dun **escrito ante o Secretario de Estado de Traballo**, no que denunciarnos e criticamos abertamente a mala xestión que se está a levar a cabo no SEPE.

Esta situación está a provocar un grave deterioro na calidade do servizo prestado á cidadanía e a empeorar as condicións laborais do persoal.

Puntos clave do escrito:

- Criticamos de forma contundente que o persoal directivo responsable desta xestión deficiente, que afecta directamente aos dereitos da cidadanía a recibir as súas prestación e información a tempo, non estea a asumir ningunha responsabilidade. Isto é contrario ao principio de boa administración..
- Denunciarnos o gasto de millóns de euros en aplicacións informáticas que non funcionan. Hai inobservancia da dilixencia debida na xestión de recursos esenciais para a prestación do servizo.
- Poñemos en coñecemento do Secretario de Estado de Traballo que nun contexto de menos persoal e fallos informáticos continuos se estean a implantar sistemas de traballo de maneira unilateral, sen consultar nin negociar coa representación do persoal.

O **sentido final** do escrito é **esixir formalmente** que a Dirección asuma as responsabilidades que lle corresponde pola mala xestión evidenciada.

A CIG entende que a boa xestión e a rendición de contas son a base para defender un servizo público de calidade. Non permitiremos que a deficiente xestión se use como escusa para empeorar as nosas condicións de traballo nin para prexudicar á cidadanía.

Esiximos, de xeito inmediato, a asunción de responsabilidades do persoal directivo do SEPE.